

SOLPOR

Acorado e roibo
durmíase o día,
coa testa deitada
no colo da ría.

As campás beatas
no ceo bulían
rezando rosarios
á Virxe María.

Bogando nas nubens
cara ó ceo ían
envoltas nos ouros
do sol que morría.

Polo mar as velas
eran folerpiñas,
que da lúa aberta
nas ágoas caíran.

Da veira do río
chegaban cantigas
choutando nas leiras
molladas de risas.

Preto do hourizonte,
estrelas obrizas
frotaban os ollas
tirando a perguiza.

E bicando os lonxes,
as foulas ispidas
o alén nevaban
as limpas surrisas.

Un outo aturuxo
voando fuxía
E os bosques lonxanos
noite revertían.

(Luís Amado Carballo)

Antoloxía Da Poesía Galega Para Nenos
Ed. SUSAETA